

# Proposta da CIG-Ensino

## Addenda de modificación de postos de traballo.

O acordo que se derive desta negociación, recollerá o seguinte:

1.- O cómputo de unidades para a asignación de postos de traballo, deberá contemplar sempre **a suma das unidades de educación infantil e educación primaria**.

2.- Froito da situación social actual e da normativa de referencia, o alumnado que se terá en conta a efectos de cómputo para a asignación de recursos, será sempre o alumnado **NEAE**, e non só o **NEE**.

3.- O catálogo resultante terá unha consideración de **“mínimos”**. En ningún caso a modificación do catálogo por aplicación deste acordo, suporá a redución actual do profesorado dos centros de ensino.

4.- Naqueles centros ordinarios que integren alumnado con necesidades, incrementaranse os postos de traballo en función do número e tipoloxía de necesidades especialmente no relativo ao profesorado de PT, AL e Orientación.

A tal efecto estableceranse mecanismos de revisión trimestrais, para a dotación do profesorado necesario en función das necesidades reais dos centros, no caso de se solicitado polos departamentos de orientación.

5.- Anualmente farase unha revisión das aulas habilitadas. Aquelas aulas que leven 2 anos en funcionamento, pasaran a ser unidades de catálogo a todos os efectos.

6.- Propostas de modificación de postos de traballo das especialidades de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e Orientación educativa.

a) Nos centros de educación infantil, centros de educación infantil e primaria, e centros públicos integrados (EEI, CRA, CEIP, CEP, CPI) ao respecto de profesorado especialista de PT e AL, modificarase a composición en función dos seguintes tramos:

- Centros de 3 a 8 unidades pasarán a contar con 1 PT e 1 AL
- Centros de 9 a 14 unidades pasarán a contar con 2 PT e 2 AL
- Centros de 15 a 20 unidades pasarán a contar con 3 PT e 3 AL
- Centros de 21 a 30 unidades pasarán a contar con 4 PT e 4 AL
- Centros de mais de 30 unidades pasarán a contar con 5 PT e 5 AL

b) Nos centros de educación infantil, centros de educación infantil e primaria, e centros públicos integrados (EEI, CRA, CEIP, CEP, CPI) ao respecto de profesorado especialista en Orientación Educativa, modificarase a composición en función dos seguintes tramos:

- Centros de 6 ou centros de até 250 alumnos/as: 1 Orientador/a
- Centros de 251 alumnos/as até 500 alumnos/as: 2 Orientadores/as
- Centros de 501 até 750 alumnos/as: 3 Orientadores/as
- Centros de mais de 750 alumnos/as, 1 orientador por cada 250 alumnos/as

En ningún caso, as orientacións poderán compartir mais de 2 centros, e nunca haberá mais dun centro adscrito ao mesmo departamento de orientación.